

# HIFAS DA TERRA, S.L.



“Un traballo da carreira resultou ser máis interesante e novidoso do esperado e funcionou como catalizador para a creación da miña empresa”

*Catalina Fernández de Ana Portela*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Produción de sacos inoculados co cogomelo Pleurotusostreatus
<b>Sector de actividade</b>	Fabricación de produtos diversos
<b>Nº empregados</b>	10
<b>Inversión inicial</b>	156.265 €
<b>Financiamento inicial:</b>	Con créditos e axuda familiar.
<b>Web:</b>	<a href="http://www.hifasdaterra.com">www.hifasdaterra.com</a>
<b>Municipio:</b>	Bora, Pontevedra
<b>Ano creación:</b>	1989

## Descrición do proxecto

Empresa de medio ambiente especializada en micoloxía. Comezamos producindo sacos de compost inoculado para a produción de cogomelos e agora, tres anos despois realizamos cursos e conferencias de micoloxía de cultivo, micoloxía silvestre, xestión de superficies forestais, asesoramento sobre a micorrización de plantacións privadas, montes comunais, e planta de viveiro (introdución de fungos comestíbeis nas raíces de plantas superiores para impulsar a produción de cogomelos silvestres e mellorar o crecemento da planta).

Producimos e vendemos inoculo de micorrizas, (é un xel que se lle aplica a plantas adultas para que produzan cogomelos silvestres), planta de castaño resistente á enfermidade da tinta, enxertadas con variedades típicas de castaña galega e inoculados con fungos produtores de cogomelos comestíbeis de alto valor engadido.

Ademais realizamos valoracións de arborado monumental en casos de expropiacións de fincas plantadas buscando alternativas para salvalo ou ben defendendo unha indemnización axeitada.

Practicamos cirurxía en arborado monumental. Coidamos, mediante rehabilitación, árbores de grande valor que están enfermas ou danadas.

O noso departamento de medio ambiente realiza tamén avaliacións de impacto ambiental previas ás construcións, restauracións paisaxísticas de obras en curso ou acabadas.

Por último realizamos actividades ambientais e micolóxicas para nenos e adultos.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Por agora non podo falar de éxito, só de traballo e dedicación, espero que o éxito chegue algún día. De momento, seguimos investindo como cosacos.

### Situación actual

Atopámonos nunha fase de crecemento, loitando polas distintas liñas de negocio, impulsando a empresa. Hifas da Terra, SL. está participada por Unirisco, (Sociedade de Capital Risco da U.S.C.) desde maio do 2002.

### Perfil cliente

Temos varios produtos e polo tanto varios perfís de clientes:

- 1 Agricultor que busca unha alternativa na súa vida e quere aprender a cultivar cogomelos.
- 2 Persoa que necesita asesoramento medioambiental ou actuacións sobre árbores grandes.
- 3 Xente que aposta pola natureza e quere crear paisaxe e realizar plantacións con futuro micolóxico.
- 3 Arquitectos que necesitan informes paisaxísticos ou avaliacións de impacto ambiental para poder construír.
- 4 Concellos e Xunta para realizar cursos de formación e actividades lúdicas micolóxicas con nenos.
- 5 Todo o mundo que come cogomelos. Ti podes ser o noso cliente !



## Idea inicial

Cursando o último ano de carreira, realicei un proxecto de empresa para a asignatura de Microbioloxía Aplicada, baseándome nos estudos realizados no Centro de Investigacións Forestais de Lourizán sobre o cultivo de saprófitos. O traballo resultou ser máis interesante e novidoso do esperado e funcionou como catalizador para a creación da empresa.

Unha vez convencida de que debía tentalo, acudín ao IGAPE para tratar de conseguir formación do mundo dos negocios.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Chegar ao mercado, chegar aos futuros clientes, publicidade.

Encanto ás ameazas no futuro; cando hai unha boa idea sempre sairán imitadores dispostos a facelo máis barato.

## Perfil promotores

Licenciada en CC. Biolóxicas e doutoranda.

Participou nunha empresa piloto de similares características a esta, onde se aplicaron os traballos de investigación realizados por un equipo, do que tamén formaba parte a promotora, pertencente ao Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra).

Con vintetrés anos, crea a súa empresa de produción de sacos de substrato inoculados co cogomelo *Pleurotus ostreatus*.

## Aptitudes necesarias

Teimosía, forza, decisión, capacidade de dedicación exclusiva, e loita constante sen afundirse, familia que sirva de apoio tanto emocional como económico.



## Guía de Actividad

**Sector da alimentación** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**A independencia que proporciona  
Dedicarme ao que me gusta**

### Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Curso LANZA do IGAPE.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si, considéroo básico.

### Anecdotario

Só sobrevive o máis duro e menos escrupuloso.

